

- Os datos do alumnado (dirección, teléfono, email, autorizacións recollida, etc) deberán estar sempre actualizados. De ser preciso modificalos poden facelo no documento que se lles facilitará en conserxería.
- A parada do autobús está reservada ao transporte escolar, non debendo empregarse polas familias nas horas de entrada e saída.
- Non se permite captar imaxes do alumnado por parte das familias dentro do recinto escolar. Así mesmo, non se poden facer gravacións de xuntanzas, nin publicidade de datos ou imaxes de carácter protexido, obtidos nas actividades da escola.
- Non se repartirán invitacións de aniversarios na escola.
- Algún membro da familia debe estar **SEMPRE** localizable telefonicamente.
- Aconséllase ás familias revisar diariamente as mochilas.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- O día que non se faga uso do servizo de comedor deberase comunicar ás titoras; e ao persoal de comedor con antelación suficiente para non estragar a comida.
- Os horarios nos que se recollerá ao alumnado dos servizos complementarios serán ás 15.30, 16.00 e 16.30 horas.
- Para poñerse en contacto cos servizos complementarios poden empregar o tlfno. 608 234374.

O cumprimento destas normas garante un mellor funcionamento do centro escolar, facilita a convivencia e vela pola seguridade dos seus fillos e fillas.



CURSO 2023-24

E. E. I. MILLADOIRO

Travesía do Porto, s/n
15895 Milladoiro, Ames

Tlfno 881866037 - 646855760

eei.milladoiro@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/eeimilladoiro

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO

- A xornada escolar será de 9:00 a 14:00 h. O alumnado accederá ás 9,00 horas ao centro pola porta principal. Prégase deixen libre a zona amarela da entrada para facilitar a entrada do alumnado.
- De non chegar na hora sinalada deberase agardar ata as 10.00 horas para incorporarse á aula, e cubrir un xustificante de retraso. Excepcionalmente o alumnado que chegue despois das 9.00 horas poderase incorporar se ten acudido a consulta médica (presentarase xustificante)
- O alumnado sairá pola porta principal:
 - 13.50h. o alumnado de 3 anos,
 - 13.55h. o alumnado de 4 anos,
 - 14.00h. o alumnado de 5 anos.
- As faltas de asistencia do alumnado durante a xornada xustificaranse nos tres días seguintes á súa incorporación, empregando AbalarMobil ou o modelo de xustificación. En caso de ausencia prolongada por enfermidade prégase o notifiquen por teléfono ao centro escolar.
- Cando un pai/nai ou titor/a deba recoller a unha alumna ou alumno dentro do horario escolar deberá notificalo previamente á titora, asinando en conserxería a autorización pertinente no momento da saída.
- No centro escolar non se administrarán medicinas (agás alerta escolar).
- Para calquera consulta ou dúbida poderase contactar coa escola a través do correo electrónico (eei.milladoiro@edu.xunta.gal) e os tlfnos 881 866 037 – 646 855 760. O horario de atención ao público está exposto na cristaleira do centro.
- Na páxina web da escola atoparán toda a información relevante sobre a escola www.edu.xunta.es/centros/eeimilladoiro/
- As horas de titoría ás familias serán os martes de 16.00h a 17.00, previa cita.
- De xurdir unha enfermidade ou accidente en horario escolar chamarase por teléfono á familia. Se o profesorado considera que puidera haber unha lesión grave ou urxente, solicitaranse os servizos do 112 sen mover á nena ou neno.
- No momento de comezar o curso escolar todo o alumnado deberá controlar esfínteres. Cando haxa que mudar a algunha nena ou neno avisarase á familia por teléfono para que acudan á escola.
- O alumnado non poderá entrar no centro escolar con paraugas, obxectos punzantes ou cortantes, xoguetes de pilas ou baterías, móbiles, medicinas ou calquera outro obxecto que poida resultar perigoso.
- O alumnado empregará o mandilón da seguinte cor: **verde (5 anos)**, **vermello (3 anos)** e **azul (4 anos)**. É preciso poñer o nome (evitando o uso das iniciais) no mandilón, na bolsa da merenda e en todas as prendas de roupa exteriores (cazadoras, chaquetas, gorras, et.) Convén, mesmamente, colocarlles una cinta para que poidan colgalas. O centro escolar non se fai responsable das prendas non marcadas.
- De existir quendas ou gardas de custodia alternas deberase entregar na secretaría un calendario das mesmas.
- Para solicitar informes do alumnado ou certificados deben facelo empregando o modelo que se lles facilita en conserxería. Prégase facelo coa antelación suficiente. Os documentos solicitados serán entregados en man aos proxenitores con acuse de recibo.
- Cando as familias acheguen documentación ou informes do alumnado entregaránlles sempre en man aos membros do equipo directivo.